

Why you should join us: associated young researchers in a changing 'research World'

Asociación Precarios Galicia^{1,2,3}

¹Universidade de Santiago de Compostela

²Universidade da Coruña

³Moi pronto na Universidade de Vigo e noutros centros de investigación de Galicia

Abstract

Que saídas profesionais no ámbito da investigación temos nun futuro? Terei traballo como investigador despois da tese? Que condicións laborais ten un investigador/a pre ou posdoutoral no estranxeiro? Que pasa se temos que coller unha baixa laboral? Que ocorre coas nosas familias en caso de falecemento? Que ocorre se temos fillos..? Estas son as preguntas que todo investigador/a novel se pode plantexar ao comezo da súa carreira e que moitas veces non teñen unha resposta inmediata. Desde a Asociación Precarios Galicia apostamos por un modelo económico baseado no I+D+i, e defendemos os dereitos e aspiracións do persoal de investigación e técnico (bolseiros de colaboración, estudantes de terceiro ciclo ou mestrado, doutorandos, postdocs, persoal técnico e investigadores sen financiamento) que realicen tarefas investigadoras ou técnicas nos centros de investigación de Galicia.

Key words: Modelo de I+D+i, Campaña “No más becas por trabajo” (N+BxT), Ningún investigador sen contrato

Introduction

Precarios Galicia [1] nace no ano 2000 coa finalidade de defender os intereses do colectivo investigador de Galicia. A asociación encádrase así na Federación de Jóvenes Investigadores-Precarios (FJI-Precarios) [2] que actúa a nivel español. Precarios Galicia comeza a reivindicar o recoñecemento dos dereitos laborais (seguridade social, maternidade/paternidade, enfermidade, falecemento, paro, vacacións, prevención de riscos laborais...) que se veñen negando ao colectivo investigador. Aínda que se ten mellorado moito no ámbito dos dereitos laborais e sociais, aínda hoxe existen en Galicia investigadores non remunerados ou remunerados con bolsas (oficialmente, axudas ó estudo) que encobren un posto de traballo e que gravan en Facenda como “rendementos do traballo”. Estas persoas (como por exemplo os investigadores en etapa de mestrado ou DEA) non cotizan á seguridade social nin teñen dereito a subsidio de desemprego.

Ademais disto, Precarios Galicia traballa por que se instaure unha carreira investigadora coherente e digna na que existan un recoñecemento laboral e unha protección social completa para todos os investigadores desde o inicio da mesma. Buscamos tamén mellorar a continuidade da carreira investigadora entre as diferentes etapas, facilitar e fomentar a mobilidade dos investigadores (tanto dentro e fora de Galicia/España, como entre os sectores público e privado) e incentivar e fomentar o investimento público e privado para que o I+D+i lidere o desenvolvemento tecnolóxico no noso país. En épocas de crise como a que estamos a pasar nestes momentos, é

máis que nunca necesaria unha aposta polo I+D+i, pois está cientificamente demostrado que así se fomenta o emprego á vez que a sociedade prospera economicamente.

Por suposto non podemos esquecernos da idea que a nosa sociedade ten da investigación: non existe unha axeitada consideración do traballo dos investigadores/as nos ámbitos político e social, precisamente porque falta un recoñecemento xeneralizado da produción investigadora e porque parece ignorarse constantemente que a investigación non é un gasto, senón unha inversión rentable, que terá consecuencias económicas a medio prazo. Por elo, Precarios Galicia defende unha axeitada política de divulgación da investigación científica, xa que o noso traballo debe sempre reverter na nosa sociedade e a nosa sociedade debe saber en que traballan os seus investigadores.

Tamén consideramos que é necesario establecer unha estrutura profesional proporcionada entre as diferentes etapas, de modo que se permita acceder a un posto estable aos investigadores que superen as avaliacións oportunas e que garanta a posibilidade de promoción profesional. Unha boa avaliación dos investigadores é fundamental para reducir a endogamia xeneralizada dos centros de investigación de Galicia, para facer que sexan máis competitivos a nivel internacional e para elevar a súa excelencia.

Desde a FJI-Precarios elaborouse un informe para estudar

como é o panorama no que se atopa a investigación (ISRR) [3]. Segundo se observa nas Figuras 1 e 2, a metade dos investigadores en España carecen de dereitos laborais que os amporen ou traballa con dereitos seriamente restrinxidos.




Figura 1: Porcentaxe media da distribución do persoal investigador en España.

Material and Methods

Precarios Galicia ten un marcado carácter assembleario, o que permite que cada socio ou socia estea implicado de modo directo na marcha da asociación por medio das asembleas xerais ou da discusión nas listas de correo. As persoas que levamos adiante a asociación facémolo de forma totalmente voluntaria e todos os nosos esforzos son realizados no tempo que nos queda despois dos nosos traballos. Para estar ao día das actividades de Precarios Galicia, podes (e debes!) inscribirte na lista de correo enviando un mail á dirección: precarios-galicia-subscribe@yahoogroups.com, e tamén uníndote ao grupo do mesmo nome que temos en Facebook. Podes asociarte cubrindo os formularios que atoparás na nosa páxina web (precariosgalicia.org).



Figura 2: Porcentaxe media de investigadores segundo teñan recoñecidos ou non os seus dereitos laborais en España.

Se es un investigador galego e/ou traballas nun centro de investigación da nosa comunidade e estás dacordo cos obxectivos da asociación, pedímosche que te asocies. A cota é de só 10 euros ó ano, e simplemente lle terás que adicar á asociación un tempo comprendido entre 0 e ∞ dependendo das túas ganas e as túas forzas... Pero por favor, ten en conta que ningún político, nin profesor de universidade, nin investigador do CSIC vai loitar polo teu futuro. Somos nós, os investigadores noveles que nos temos esa labor por diante.

Results and Discussion

Precarios Galicia é actualmente a única asociación de investigadores de toda Galicia que engloba a todo o colectivo investigador, por iso é realmente importante que formes parte dela. Co teu apoio conseguiremos ser máis fortes diante do Goberno Autonómico, dos partidos políticos, das Universidades e das institucións en xeral á hora de reivindicar unha carreira investigadora digna e un sistema investigador competente.

Conclusions

Debes asociarte porque temos que estar unidos para conseguir que isto marche ben, porque ninguén nos vai sacar as castañas do lume, porque hai un montón de cousas importantes que podemos e debemos facer e porque, en plan altruísta, temos que loitar polas futuras xeracións de investigadores, ao igual que no pasado outros o fixeron por nós :-). ASÓCIATE!!

References

- [1] precariosgalicia.org.
- [2] precarios.org.
- [3] *Investigadores Sin Remuneración Regulada*, Comisión de documentación da FJI-Precarios (Febreiro 2008).

Correspondence to: Precarios Galicia, Dpto. de Electrónica e Computación – Edif. Monte da Condesa - Campus Sur E-15782 - Santiago de Compostela. E-mail: info@precariosgalicia.org

Received 19 September 2009 · Accepted 21 September 2009

